



Concello do Porriño

DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA).-

Expediente 3904/2024

DECRETA:

Pola Comisión Técnica de Avaliación nomeada por resolución desta alcaldía nº 2024-3064 do 16 de outubro para a concesión de subvencións á propietarios de vivendas para a instalación de equipos de bombeo de augas residuais para a súa conexión á rede de sumidoiros durante o ano 2024, segundo acta da reunión celebrada o 22/10/2024 que literalmente se transcribe:

“ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA DE AVALIACIÓN PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A PROPIETARIOS DE VIVENDAS PARA A INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS PARA A SÚA CONEXIÓN Á REDE DE SUMIDOIROS DURANTE O ANO 2024 (BOPDEPO Nº 167 DO 28/08/2024).

Expte. 3904/2024

Reunidos na Casa do Concello o día 22 de outubro de 2024, ás 10:10 horas os seguintes membros da comisión técnica de avaliación nomeada por decreto da alcaldía nº 2024-3064 do 16 de outubro:

- D. Marcos Martínez Campos, concelleiro-delegado de traídas de augas.
- D. Rafael Alonso Lago, Enxeñeiro Técnico municipal.
- Dona Paula García Jara, técnica superior de urbanismo.
- Dona María Dolores Miguélez Casás, funcionaria do servizo de Intervención, instrutora do expediente, actuando como secretaria da Comisión.

PROPOSTA:

Único: *Tendo en conta a complexidade no procedemento de instrucción que inclúe a tramitación de permisos e autorizacións sectoriais para a execución das obras necesarias para a conexión á rede de sumidoiros municipal, propónse a ampliación do prazo de presentación das contas xustificativas concedéndose unha prórroga ata o 30/03/2025.*

Dita ampliación publicaráse no BOPPO e na BDNS, así como no portal de transparencia e no taboleiro de anuncios municipa

E non tendo máis asuntos dos que tratar, remátase a sesión sendo as 10:20 horas, asinándose dixitalmente á marxe polos membros que a conforman.”

Polo exposto e, seguindo os criterios adoptados por dito órgano colexiado, en virtude das competencias que me confire a lexislación de aplicación,

DECRETO:





Concello do Porriño

Unico: Tendo en conta a complexidade no procedemento de instrucción que inclúe a tramitación de permisos e autorizacións sectoriais para a execución das obras necesarias para a conexión á rede de sumidoiros municipal, propónse a ampliación do prazo de presentación das contas xustificativas concedéndose unha prórroga ata o 30/03/2025.

Dita ampliación publicaráse no BOPPO e na BDNS, así como no portal de transparencia e no taboleiro de anuncios municipal.

Documento asinado dixitalmente na marxe co código de identificación de sinatura electrónica expresado, no lugar e data indicados.

